#### QUINTA.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **15 DÍAS NATURAIS** dende a publicación de anuncio destas bases no BOP e na Base Nacional de Datos de Subvencións. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.- Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Alfoz ([concellodealfoz.sedelectronica.es](http://concellodealfoz.sedelectronica.es)).

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

A documentación a achegar para a tramitación da solicitude é:

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-**

A unidade administrativa xestora realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados polos solicitantes, entre outros, a inscrición do solicitante no Rexistro, a representatividade do Presidente, etc.

De conformidade co indicado no artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, pola unidade administrativa efectuarase unha pre avaliación das solicitudes na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiario, e concluirá cun informe sobre o particular.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

Presidencia: Alcaldía

Vogais:

- Un concelleiro do Grupo Municipal Veciños Independentes de Alfoz.
- Un concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Un funcionario da área de Servizos Xerais (Técnico de Xestión, ou na súa substitución, Auxiliar Administrativo).

Secretaria: a titular da Corporación, sen voz nin voto.

Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite por entidade ao que se alude na base 5, nin o conxunto do crédito orzamentario dispoñible que se estableza na convocatoria.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración. Esta copia pode verificarse en sede electrónica do Concello de Alfoz.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de un mes dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, en todo caso antes do 31 de decembro de 2018 ,e o silencio administrativo será desestimatorio.

Previa fiscalización pola intervención municipal, a resolución será notificada aos beneficiarios.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención divídase polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplícase dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Alfoz, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Prevese a entrega a conta de ata o 80 % do importe da subvención aprobada, mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado coa solicitude da subvención.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

#### **SÉPTIMA.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.**

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrencia competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2017 e 2018.

O cuanto da subvención concederásegundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.

O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma.

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

#### **I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 puntos máximo)**

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago. Comunicarase por certificación do Secretario da asociación ou declaración responsable do Presidente.

- Ata 10 socios: 1
- De 11 a 50 socios: 2
- De 51 a 100 socios: 4
- De 101 a 200 socios: 6
- Máis de 200 socios: 8

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación/Club.

- Entre 1 e 2 anos: 0
- De 3 a 5 anos: 1
- De 6 a 8 anos: 2
- De 9 a 10 anos: 3
- De 11 anos a 20 anos: 5
- De 21 a 29 anos: 8
- Mais de 30 anos: 12

#### **II. VALORACION DA IMPLICACIÓN NO ENTRAMADO SOCIAL MUNICIPAL: (máximo 100 puntos)**

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

Ata 10 participantes: 4 puntos.

Dende 11 a 50 participantes: 8 puntos.

51 a 100 participantes: 10 puntos.

Máis de 100 participantes: 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.

- Actividades só para socios: 10 puntos.
- Actividades con prazas limitadas para socios e non socios: 20 puntos.
- Actividades abertas ao público en xeral: 30 puntos.

3º. En función da duración das actividades ou ligas nas que se participa. Ata 36 puntos.

- Actividade dunha xornada: 2 puntos.
- Actividade de tres xornadas ou fin de semana: 5 puntos.
- Actividade ou participación en competicións con duración non superior a seis meses: 20 puntos.
- Actividade ou participación en competicións con duración igual ou superior a seis meses: 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades deportivas practicadas por menores de 18 anos: ata 2 puntos por actividade.
- Por actividades deportivas practicadas por xuventude (entre 18 e 30 anos): ata 2 puntos por actividade.

- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios: ata 10 puntos por actividade que teña unha duración inferior a seis meses.
- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios: ata 14 puntos por actividade que teña unha duración igual ou superior a seis meses.

### III. NIVEL DEPORTIVO. ( MAXIMO 20 PUNTOS).

Terase en conta unicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/ deportistas. Deberase xustificar a través de calendarios de competición, actas de resultados ou na súa falta certificado da Federación Territorial correspondente, nos que se poida observar ou distinguir categoría e ámbito da competición deportiva.

- a) Nacional: 20 puntos.
- b) Autonómica: 10 puntos.
- c) Provincial: 5 puntos.
- d) Rexional: 3 puntos.

### IV.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2017 e en 2018:

- Ningunha subvención ou axuda económica: 5
- Subvención ou axuda económica ata 3.500 euros: 2
- Subvención ou axuda económica superior a 3.500 euros: 0

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2017 e 2018 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre).

- Ata 2.000 euros: 3
- De 2.000 a 6.000 euros: 5
- De 6.001 a 10.000 euros: 9
- De 10.001 a 15.000 euros: 12
- Máis de 15.000,01 euros: 15

3.- Polos gastos de federación soportados. Máximo 10 puntos.

Teranse en conta os gastos soportados pola tempada 2017/2018. Enténdense por gastos federativos, os seguintes: pago das fichas, pago da mutua ou seguro (revisión médica), pago de cota á Federación, pago á Federación por inscrición aos campionatos oficiais que ten a potestade de organizar esta, pagos en concepto de arbitraje, etc. Obterase 1 punto por cada 500 euros de gasto. As fraccións contabilízanse redondeándose ao alza en 1 punto.

Dividirase o orzamento dispoñible para Subvencións a asociacións entre o total de puntos sumados por todas as asociacións que opten a elas. Iso arrojará o valor en euros por punto. A continuación multiplicarase ese valor obtido polos puntos sumados por cada asociación. O resultado que resulte será a subvención que se concederá a cada asociación. Sexa cal for esa cifra, en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento das actuacións subvencionadas, entendendo como tal a diferenza entre os gastos acadados e os ingresos obtidos.

### OITAVA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- a) Realizar a actividade subvencionada, no caso de tratarse de actuacións con gastos comprometidos que teñan previsto a súa realización no último trimestre de 2018.
- b) O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- c) Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- d) Aportar os datos que se soliciten por parte da Alcaldía no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- e) Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
- f) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.

g) Deberán empregar o logotipo do Concello de Alfoz, ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que haxan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración do Concello de Alfoz en todas as publicacións, carteis e documentación impresa.

h) Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na web do Concello de Alfoz ou en calquera outro medio ou soporte.

i) Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Alfoz, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Alfoz novas peticións.

j) Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

##### **1.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

O prazo de xustificación finalizará o 1 de marzo de 2019.

##### **2.-DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.**

A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO IV destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago. Non se admitirá tickets ou facturas simplificadas non nominativas.

As facturas deberán ser datadas dentro dos exercicios 2017 e 2018, e deberan conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores, ademais de unha relación unitaria dos traballos realizados ou bens subministrados co importe unitario e o IVE desagregado.

Non se permitirán pagos en efectivo por importe superior a cincocentos euros. No caso de realizar pagos en efectivo, no documento xustificativo deberá figurar a expresión “recibín en metálico” ou “pagado”, así como, firma e selo do emisor/proveedor.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4. Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz.

5. Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

6. Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

##### **3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.**

As xustificacións deberán presentarse no Rexistro do Concello de Alfoz de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampíña co selo do concello de Alfoz.

##### **4.- TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.**

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Alfoz.

**DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.**

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

**UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.**

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Alfoz.

**DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.**

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.****Disposición adicional primeira.**

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

O Concello de Alfoz quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

**Disposición adicional segunda.**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2018, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz.

Alfoz, 7 de novembro de 2018.- O Alcalde-Presidente, Jorge Val Díaz.



**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**ANEXO I**

**SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN**

|  |                       |
|--|-----------------------|
| Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación). | NIF:                  |
| Enderezo:  | Municipio:            |
| Tfno.:   | Enderezo electrónico: |

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Nome:                                   | CIF:                  |
| Enderezo:                               | Localidade:           |
| Nº de Rexistro Municipal de Asociación: | Nº de asociados:      |
| Secretario:                             | Enderezo electrónico: |

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Alfoz para a promoción da actividades deportivas durante os exercicios 2017 e 2018, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

**DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN:**

Para o que aporto a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade que se realizou/ vai realizar de conformidade co Anexo II.
- Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- Copia do CIF da entidade.
- Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

En Alfoz, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.:

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**ANEXO II MEMORIA DA ACTIVIDADE**

Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se acadou ou preténdese acadar cos mesmos, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non fora suficiente, poderán empregarse os documentos que resulten precisos, que serán presentados xunto con esta solicitude.

Deberase dar unha denominación xenérica ao proxecto presentado (exemplo, actividades deportivas ano XX, custes federativos tempada 2017/2018 Club xxxx...) e cubrirase para cada unha das actividades concretas, no caso de ser varias, unha memoria descritiva para cada unha de elas.

No suposto de tratarse de actividades a desenvolver no último trimestre de 2018 cubrirase o último dos cadros.

En canto aos documentos xustificativos do gasto (facturas, ou orzamentos no caso de actividades a desenvolver no último trimestre) se pode optar por presentar neste momento as copias compulsadas das facturas ou ben na fase de xustificación da subvención concedida, onde en todo caso se deberán aportar as facturas compulsadas e os xustificantes de pagamento).

**MEMORIA ANO 2017 E 2018**

DENOMINACIÓN:

SOLICITANTE :

ACTIVIDADES ENGADIDAS (RESUMO) (ENGADIDAS AS PREVISTAS PARA O ULTIMO TRIMESTRE 18)

| ANUALIDADE | DENOMINACION |
|------------|--------------|
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |

**GASTOS IMPUTABLES**

| ANUALIDADE | DENOMINACIÓN   | IMPORTE A SUBVENCIONAR (COSTES MENOS INGRESOS) |
|------------|----------------|--|
|            |                |  |
|            |                |  |
|            |                |  |
|            | TOTAL PROXECTO |  |

**MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN**  
(Engadir unha Memoria por actividade concreta)

| Anualidade  | 2017 | 2018 |
|---|------|------|
| Actividade  |      |      |
| Datas:  |      |      |
| Lugar:  |      |      |
| Usuarios destinatarios:   |      |      |
| Breve descrición da actuación (programación, desenvolvemento, hora de comezo e finalización, concreción da competición na que se participa, ámbito territorial,...) |      |      |
| Resultados obtidos  |      |      |

**CONTA XUSTIFICATIVA**  
**GASTOS DA ACTIVIDADE CONCRETA**

| CONCEPTO | CONTÍA | CIF PROVEEDOR(*) | Nº FACTURA (*) | DATA PAGAMENTO (no seu caso) | ANUALIDADE ACTUACION |
|----------|--------|------------------|----------------|------------------------------|----------------------|
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
| TOTAL    |        |                  |                |                              |                      |

(\*) Se acompañarán de copias compulsadas das facturas orixinais seladas e asinadas (non se admiten tickets nin facturas simplificadas non nominativas nin as que se expidan a nome de persoa distinta do beneficiario)

As facturas deben ser expedidas no mesmo exercicio, e deben conter o número de identificación fiscal do receptor, selo e sinatura do subministrador, relación unitaria de traballos realizados ou bens subministrados, importe unitario, importe total e IVE (ou declaración de estar exento).

(\*) Se acompañarán de copias compulsadas dos documentos orixinais xustificativos do pagamento, que será de carácter bancario no suposto de que o seu importe exceda dos 500 euros, ou ben coa lenda recibí ou pagado na mesma factura, asinada e selada polo emisor.

No caso de ter obriga de levar libros de contabilidade, deberá presentarse certificado da persoa competente sobre a anotación do citado gasto.

## DECLARACION DE AXUDAS OU SUBVENCIONS DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PUBLICAS DA ACTIVIDADE CONCRETA

| CONCEPTO | CONTIA | ESTADO DA SUBVENCIÓN<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) |
|----------|--------|---|
|          |        |   |
|          |        |   |
|          |        |   |
| TOTAL    |        |   |

INGRESOS DA ACTIVIDADE CONCRETA

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN (no seu caso)<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) | ANUALIDADE<br>ACTUACION |
|----------|--------|---|-------------------------|
|          |        |   |                         |
|          |        |   |                         |
|          |        |   |                         |
|          |        |   |                         |
| TOTAL    |        |   |                         |

**SUPOSTO DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO CUARTO TRIMESTRE 2018**

|   |  |  |
|---|--|--|
| Actividade  |  |  |
| Datas:  |  |  |
| Lugar:  |  |  |
| Usuarios destinatarios:   |  |  |
| Breve descrición da actuación (programación, desenrolo, hora de comezo e finalización, concreción da competición na que se participa, ámbito territorial,...) |  |  |
| Resultados PREVISTOS:   |  |  |

GASTOS: PREVISIÓN CUARTO TRIMESTRE 2018  
ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS 4º TRIMESTRE 2018

| CONCEPTO | CONTÍA |
|----------|--------|
|          |        |
|          |        |
|          |        |
| TOTAL    |        |

DECLARACIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCIONS DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PUBLICAS

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) |
|----------|--------|---|
|          |        |   |
|          |        |   |
|          |        |   |
|          |        |   |
| TOTAL    |        |   |

INGRESOS ESTIMADOS 4º TRIMESTRE 2018

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN (no<br>seu caso)<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) |
|----------|--------|--|
|          |        |  |
|          |        |  |
|          |        |  |
|          |        |  |
| TOTAL    |        |  |

Alfoz, de                      de 2018.

Asdo.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS  
EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE**

|           |                       |
|-----------|-----------------------|
| Nome:     | NIF:                  |
| Enderezo: | Municipio:            |
| Tfno.:    | Enderezo electrónico: |

Presidente da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

|       |      |
|-------|------|
| Nome: | CIF: |
|-------|------|

**DECLARO:**

Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades deportivas no exercicio 2018, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.

Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.

Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Alfoz, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.

Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Alfoz poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

\_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE EXECUCIÓN E DE OUTRAS AXUDAS**

D. \_\_\_\_\_, con NIF: \_\_\_\_\_, en calidade de solicitante/representante da subvención indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que:

- Non se solicitou nin se obtivo ningunha outra axuda ou subvención de ningunha outra Administración Pública.
- Que solicitouse axuda ou subvención a \_\_\_\_\_ por importe de \_\_\_\_\_.
- Que foi concedida axuda ou subvención por \_\_\_\_\_ pola contía de \_\_\_\_\_ euros. Se aporta copia compulsada da resolución de concesión da subvención.

Alfoz, de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS  
EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**DECLARACIÓN XURADA CONCORRENCIA CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN**

D. \_\_\_\_\_, con NIF: \_\_\_\_\_, en calidade de solicitante/representante da subvención indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que, respecto da actuación denominada: ( no seu caso poderá cubrirse tantas declaracións xuradas como actividades distintas se efectúen)

Son certos e concorren os seguintes datos :

| Anualidade   | 2017 | 2018 |
|--|------|------|
| 1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago   |      |      |
| 2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación.  |      |      |
| 3º. Número de participantes nas actividades programadas  |      |      |
| 4º.- Repercusión social das actividades:<br>a. Actividades só para socios.<br>b. Actividades con prazas limitadas para socios e non socios.<br>c. Actividades abertas ao público en xeral. |      |      |
| 5º.- Duración das actividades ou ligas nas que se participa  |      |      |
| 6º.- Actividades practicadas menores 18 anos   |      |      |
| 7º.- Actividades practicadas entre 18 e 30 anos  |      |      |
| 8º.- Repercusión turística para Alfoz  |      |      |
| 9º.- Nivel deportivo acadado   |      |      |
| 10º.- Subvencións doutras AAPP   |      |      |
| 11º.- Gastos totais realizados   |      |      |
| 12º.- Gastos federativos.  |      |      |

Alfoz, a de de 2018.

Asdo.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**CONTA XUSTICATIVA (Anexo IV)**

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

|                             |                       |
|-----------------------------|-----------------------|
| Nome:                       | NIF:                  |
| Enderezo:                   | Municipio:            |
| Tfno. :                     | Enderezo electrónico: |
| Nome Entidade beneficiaria: | CIF                   |

**DECLARO:**

Que foron efectuadas as actividades financiadas ca achega concedida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades deportivas, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2018, resultando acadados os obxectivos propostos.

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

**GASTOS EFECTUADOS. (Se adxuntan copias compulsadas das facturas e dos xustificantes de pagamento)**

| Expedidor da factura (con CIF) | Nº de factura | Data de expedición | de | Concepto | Importe | Data de pagamento |
|--------------------------------|---------------|--------------------|----|----------|---------|-------------------|
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
|                                |               |                    |    |          |         |                   |
| Total gastos                   |               |                    |    |          |         |                   |

No caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).



**INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.**

Subvencións (copia compulsada da resolución de concesión e/ou xustificante bancario)

| Administración concedente | Importe |
|---------------------------|---------|
|                           |         |
|                           |         |
| Total                     |         |

Outros ingresos que financiaron a actividade:

| Tipo de ingreso | Importe |
|-----------------|---------|
|                 |         |
|                 |         |
| Total           |         |

-----, \_\_\_ de ----- de 2018.

O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE

Se adxunta coa presente:

- Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz.

- Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Igualmente, por medio da presente se formula declaración responsable como representante da entidade de que ----- (SI/NON) está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

**CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2018****a) Crédito orzamentario:** 7.800 euros.**b) Obxecto, condicións e finalidade:**

O obxectivo é a concesión de axudas económicas pola organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, incluída a compra de material deportivo, e para a práctica deportiva do alumnado dos centros escolares públicos municipais.

Os gastos asociados á organización de eventos deportivos, os derivados dos compromisos das federacións de clubs, da xestión ordinaria dos clubs e asociacións e de participación en ligas federadas oficiais, así como os gastos de transporte.

A finalidade é o desenvolvemento de actividades que persigan o fin de fomento do deporte e de vida saudable.

**c) Réxime de convocatoria:** Concorrenza competitiva.**d) Beneficiarios e requisitos:**

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Alfoz.

- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal na organización de actividades extraescolares, no seu caso.

- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial pero de forma non excluínte, os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz.

- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Alfoz ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2017 e 2018, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.

- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Alfoz, e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Alfoz.
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.

**e) Documentación a presentar:**

- a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

**f) Unidade tramitadora:** Servizos administrativos xerais.

**Órgano competente resolución:** Alcaldía

**g) Prazo de presentación de solicitudes:** 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

**h) Prazo de resolución e notificación:** 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2018.

**i) Se admite a reformulación de solicitudes.**

**j) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa,** cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

**k) Criterios de valoración:**

**I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 puntos máximo)**

- 1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación (máx. 8).
- 2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación / Club (máx. 12)

**II. VALORACIÓN DA IMPLICACION NO ENTRAMADO SOCIAL MUNICIPAL: (Máximo 100 puntos)**

- 1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.
- 2º.- En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.
- 3º.- En función da duración das actividades ou ligas nas que se participa. Ata 36 puntos.
- 4º.- En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

**III. NIVEL DEPORTIVO. (Máximo 20 puntos).**

Terase en conta unicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas.

**IV.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)**

- 1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2017 e en 2018.
- 2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2017 e 2018 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre)
- 3.- Polos gastos de federación soportados tempada 2017/2018. Máximo 10 puntos.

**l) Medio de notificación:** A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

**m) Outros datos.**

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentánsese no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 7 de novembro de 2018.- O Alcalde-Presidente, Jorge Val Díaz.

R. 3346

### *Anuncio*

En cumprimento do indicado nos artigos 17 e 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publícanse as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades culturais do Concello de Alfoz, e a convocatoria para o exercicio 2018.

**BND: 425610**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CULTURAIS. EXERCICIO 2018.**

#### **PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO, OBXECTO E OBXECTIVOS.**

As presentes bases, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, e, naquilo que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza Reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz (BOP de 02/06/2018), e serán concedidas de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Encádranse na liña estratéxica “1: Fomento da promoción do deporte, a cultura, a xuventude e o fomento turístico de Alfoz nos seus distintos ámbitos”, das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2017 a 2019), aprobado polo Pleno da Corporación en data 24 de novembro de 2017 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 15 de data 19 de xaneiro de 2018.

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz .

A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

#### 1.1.- Obxectivos estratéxicos (de primeiro nivel).

\* A chegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.

\* A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Alfoz programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado de forma coaduvante á actuación municipal.

\* A participación activa da veciñanza nunha actividade –a cultura– de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.

\* Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter cultural, colaborando na súa consolidación e integración no tecido cultural do municipio.

#### 1.2.- Obxectivos instrumentais ou específicos (de segundo nivel).

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

- Promover a participación da veciñanza na vida das entidades culturais, ao primar o número de socios activos.
- Promover o autofinanciamento das entidades, primando a aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos propios ao desenvolvemento das actividades.
- Promover a complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos, primando aqueles proxectos que, de non se desenvolver polas asociacións, serían susceptibles de seren asumidos directamente polo propio Concello.
- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local no ámbito cultural.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.

#### **SEGUNDA.- ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz, que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

#### **TERCEIRA.- CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO.**

As axudas reguladas nas presentes bases concederanse con cargo aos créditos orzamentarios recollidos no vixente Orzamento Municipal para o ano 2018, no capítulo IV, cunha contía máxima de 12.500 euros.

De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións, estas poden concederse tanto para actuacións xa realizadas como pendente de realización.

Tendo en conta que logo da adaptación do marco normativo municipal á normativa estatal e autonómica, mediante a tramitación e aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, o regulamento do Rexistro Municipal de Asociacións e da Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, durante o exercicio de 2017 non se realizou convocatoria algunha de axudas en réxime de concorrencia, polo que se entende que coas presentes bases se financia as actividades culturais realizadas durante o exercicio 2017 e 2018 polos beneficiarios, aínda que se imputen integramente contra o orzamento do exercicio 2018.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.

#### **CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

4.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles nos que concorran as tres características seguintes, de forma simultánea e acumulativa:

1º. Aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e dentro destes se entenderá que son subvencionables os gastos directamente derivados da organización, celebración ou participación en certames, premios, celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, desfiles, exhibicións, concursos, mostras, encontros, conferencias, estudos ou calquera outra actividade de conservación, promoción e divulgación de valores culturais, engadidos os costes de adquisición de materiais e bens non inventariables directamente utilizadas na actividade.

2º. Polo que respecta ás actividades desenvolvidas no exercicio 2017, aqueles que se houberan executado ( e facturado) entre o 1 de xaneiro de 2017 e 31 de decembro de 2017.

Polo que respecta a actividades desenvolvidas no exercicio 2018, os executados (e facturados) entre o 1 de xaneiro ata a data da convocatoria da presente subvención.

Polo que respecta as actividades previstas para o último trimestre de 2018 aínda non desenroladas, os gastos comprometidos (con orzamento aprobado) dende o 1 de xaneiro ata a data da convocatoria, así como os gastos executados (facturados) ata o día 31 de decembro de 2018.

3º. Aqueles cuio pagamento se realicen ata a data límite de xustificación.

4.2. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4.3. Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

a) Inversións ou equipamentos das Asociacións.

b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar, pólizas de seguro xenéricas, costes de aluguer, de cotas ou taxas de inscrición en rexistros administrativos, etc.

c) O imposto sobre o valor engadido (IVE) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

d) Os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargos e sancións administrativas e penais, gastos derivados de procedementos xudiciais, e outros semellantes.

4.4. O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinale/n pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

4.5. Non se subvencionarán:

· Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación ou entidade cultural.

· As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente cultural.

- A realización de obras.
- As actividades que reciban subvención nominativa recollida nas Bases de Execución (festas parroquiais e Festa dos Chóferes).

#### **QUINTA.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1.-Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Concelleiro de Desenvolvemento Local (Cultura) e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.-Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **15 DÍAS NATURAIS** dende a publicación do anuncio destas bases no BOP e na Base Nacional de Datos de Subvencións. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.-Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Alfoz ([concellodealfoz.sedelectronica.es](http://concellodealfoz.sedelectronica.es)).

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

A documentación a achegar para a tramitación da solicitude é :

- a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESION.-**

A unidade administrativa xestora realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados polos solicitantes, entre outros, a inscrición do solicitante no Rexistro, a representatividade do Presidente, etc..

De conformidade co indicado no artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, pola unidade administrativa efectuarase unha preavaliación das solicitudes na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiario, e concluirá cun informe sobre o particular.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local (Cultura), e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

Presidencia: Concelleiro Delegado de Cultura

Vogais:

- A persoa titular da Alcaldía do Concello de Alfoz, ou concelleiro que legalmente o substitúa.
- Un concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Un funcionario da área de Cultura, Auxiliar da biblioteca pública municipal.

Secretaría: a titular da Corporación, sen voz nin voto.

Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite por entidade ao que se alude na base 5, nin o conxunto do crédito orzamentario dispoñible que se estableza na convocatoria.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración. Esta copia pode verificarse en sede electrónica do Concello de Alfoz.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é o Concelleiro Delegado de Cultura a, previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será dun mes dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, e o silencio administrativo será desestimatorio.

Previa fiscalización pola intervención municipal, a resolución será notificada aos beneficiarios.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención divídase polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplícase dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Alfoz, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Prevese a entrega a conta de ata o 80 % do importe da subvención aprobada, mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado coa solicitude da subvención.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

#### **SÉPTIMA.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS.**

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrencia competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2017 e 2018.

O cuantía da subvención concederase segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.

O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma.

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

#### **I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos. máximo)**

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago. Comunicarase por certificación do Secretario da asociación ou declaración responsable do Presidente.

- Ata 10 socios ..... 1
- De 11 a 50 socios ..... 2
- De 51 a 100 socios ..... 4
- De 101 a 200 socios ..... 6
- Máis de 200 socios ..... 8

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación.

- Entre 1 e 2 anos..0
- De 3 a 5 anos ..... 1

- De 6 a 8 anos ..... 2
- De 9 a 10 anos..... 3
- De 11 anos a 20 anos ..... 5
- De 21 a 29 anos ..... 8
- Máis de 30 anos ..... 12

## II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (máx. 100 ptos.)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

- Ata 10 participantes..... 04 puntos.
- Dende 11 a 50 participantes.. 08 puntos
- 51 a 100 “ ..... 10 puntos
- Máis de 100 “ ..... 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas. Ata 30 puntos.

- Actividades só para socios: 10 puntos.
- Actividades con prazas limitadas para socios e non socios:20 puntos.
- Actividades abertas ao público en xeral: 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

Para tales efectos computaranse tanto as realizadas no exercicio 2017 como as executadas no 2018, así como as previstas realizar no último trimestre de 2018, no seu caso.

Asignárase 3 puntos por cada actividade, ata o máximo de 36 puntos. No suposto de que a mesma actividade se desenrolase no exercicio 2017 e no 2018 polo mesmo solicitante, en vez de seis puntos, outorgaráselle 10 a fin de premiar a continuidade e compromiso do beneficiario coa actividade.

Entenderase que efectuose a mesma actividade cando existan unha equivalencia no contido obxectivo da actuación.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades enfocadas á mocidade (menores de 18 anos): ata 2 puntos por actividade.
- Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.
- Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.
- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades: ata 8 puntos por actividade.
- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

## III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2017 e en 2018.

- Ningunha subvención ou axuda económica ..... 5
- Subvención ou axuda económica ata 3500 euros..... 2
- Subvención ou axuda económica superior a 3500 euros... 0

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2017 e 2018 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre)

- Ata 2.000 euros ..... 5
- De 2.000 a 6.000 euros ..... 8
- De 6.001 a 10.000 euros .... 13
- De 10.001 a 15.000 euros .. 18
- Máis de 15.000,01 euros ..... 25

Dividirase o orzamento dispoñible para Subvencións a asociacións entre o total de puntos sumadas por todas as asociacións que opten a elas. Iso arrojará o valor en euros por punto. A continuación multiplicarase ese valor obtido polos puntos sumados por cada asociación. O resultado que resulte será a subvención que se concederá

a cada asociación. Sexa cal fora esa cifra, en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento das actuacións subvencionadas, entendendo como tal a diferenza entre os gastos acadados e os ingresos obtidos.

#### **OITAVA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO**

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- a) Realizar a actividade subvencionada, no caso de tratarse de actuacións con gastos comprometidos que teñan previsto a súa realización no último trimestre de 2018.
- b) O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- c) Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- d) Aportar os datos que se soliciten por parte da Concellería de Cultura no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- e) Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
- f) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.
- g) Deberán empregar o logotipo do Concello de Alfoz, ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que haxan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración do Concello de Alfoz en todas as publicacións, carteis e documentación impresa.
- h) Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na web do Concello de Alfoz ou en calquera outro medio ou soporte.
- i) Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Alfoz, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Alfoz novas peticións.
- j) Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

##### **1.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

O prazo de xustificación finalizará o 1 de marzo de 2019.

##### **2.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.**

A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO IV destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago. Non se admitirá tickets ou facturas simplificadas non nominativas.

As facturas deberán ser datadas dentro dos exercicios 2017 e 2018, e deberan conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores, ademais de unha relación unitaria dos traballos realizados ou bens subministrados co importe unitario e o IVE desagregado.

Non se permitirán pagos en efectivo por importe superior a cincocentos euros. No caso de realizar pagos en efectivo, no documento xustificativo deberá figurar a expresión “recibín en metálico” ou “pagado”, así como, firma e selo do emisor/proveedor.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4. Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz.



5. Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

6. Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

### **3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.**

As xustificacións deberán presentarse no Rexistro do Concello de Alfoz de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampilla co selo do concello de Alfoz.

### **4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.**

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Alfoz.

### **DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.**

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

### **UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.**

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Alfoz.

### **DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.**

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**

#### **Disposición adicional primeira.**

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpre todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

O Concello de Alfoz quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

#### **Disposición adicional segunda.**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2018, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz.

Alfoz, 7 de novembro de 2018.- O Concelleiro Delegado de Cultura, Xabier Pardiñas Suárez.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**ANEXO I  
SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN**

|  |                       |
|--|-----------------------|
| Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación). | NIF:                  |
| Enderezo:  | Municipio:            |
| Tfno.:   | Enderezo electrónico: |

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Nome:                                   | CIF:                  |
| Enderezo:                               | Localidade:           |
| Nº de Rexistro Municipal de Asociación: | Nº de asociados:      |
| Secretario:                             | Enderezo electrónico: |

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Alfoz para a promoción das actividades culturais durante os exercicios 2017 e 2018, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

**DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN:**

Para o que aporto a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade que se realizou/vai realizar de conformidade co Anexo II.
- Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- Copia do CIF da entidade.
- Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

En Alfoz, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.:

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**ANEXO II MEMORIA DA ACTIVIDADE**

Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se acadou ou preténdese acadar cos mesmos, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non fora suficiente, poderán empregarse os documentos que resulten precisos, que serán presentados xunto con esta solicitude.

Deberase dar unha denominación xenérica ao proxecto presentado (exemplo, actividades culturais ano XX) e cubrirase para cada unha das actividades concretas, no caso de ser varias, unha memoria descritiva para cada unha de elas.

No suposto de tratarse de actividades a desenrolar no último trimestre de 2018 cubrirase o último dos cadros.

En canto aos documentos xustificativos do gasto (facturas, ou orzamentos no caso de actividades a desenvolver no último trimestre) se pode optar por presentar neste momento as copias compulsadas das facturas ou ben na fase de xustificación da subvención concedida, onde en todo caso se deberán aportar as facturas compulsadas e os xustificantes de pagamento).

**MEMORIA ANO 2017 E 2018**

DENOMINACIÓN:

SOLICITANTE :

ACTIVIDADES ENGADIDAS (RESUMO) (ENGADIDAS AS PREVISTAS PARA O ÚLTIMO TRIMESTRE 18)

| ANUALIDADE | DENOMINACIÓN |
|------------|--------------|
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |
|            |              |

**GASTOS IMPUTABLES**

| ANUALIDADE | DENOMINACIÓN   | IMPORTE A SUBVENCIONAR (COSTES MENOS INGRESOS) |
|------------|----------------|--|
|            |                |  |
|            |                |  |
|            |                |  |
|            | TOTAL PROXECTO |  |

**MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN**  
(Engadir unha Memoria por actividade concreta)

|  |      |      |
|--|------|------|
| Anualidade   | 2017 | 2018 |
| Actividade   |      |      |
| Datas:   |      |      |
| Lugar:   |      |      |
| Usuarios destinatarios:  |      |      |
| Breve descrición da actuación (programación, desenrolo, hora de comezo e finalización, concreción do obxectivo da actuación, ámbito territorial,...) |      |      |
| Resultados obtidos   |      |      |

**CONTA XUSTIFICATIVA**

**GASTOS DA ACTIVIDADE CONCRETA**

| CONCEPTO | CONTÍA | CIF PROVEEDOR(*) | Nº FACTURA (*) | DATA PAGAMENTO (no seu caso) | ANUALIDADE ACTUACIÓN |
|----------|--------|------------------|----------------|------------------------------|----------------------|
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
|          |        |                  |                |                              |                      |
| TOTAL    |        |                  |                |                              |                      |

(\*) Se acompañarán de copias compulsadas das facturas orixinais seladas e asinadas (non se admiten tickets nin facturas simplificadas non nominativas nin as que se expidan a nome de persoa distinta do beneficiario)

As facturas deben ser expedidas no mesmo exercicio, e deben conter o número de identificación fiscal do perceptor, selo e sinatura do subministrador, relación unitaria de traballos realizados ou bens subministrados, importe unitario, importe total e IVE (ou declaración de estar exento).

(\*) Se acompañarán de copias compulsadas dos documentos orixinais xustificativos do pagamento, que será de carácter bancario no suposto de que o seu importe exceda dos 500 euros, ou ben coa lenda recibí ou pagado na mesma factura, asinada e selada polo emisor.

No caso de ter obriga de levar libros de contabilidade, deberá presentarse certificado da persoa competente sobre a anotación do citado gasto.

**DECLARACIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCIONS DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS DA ACTIVIDADE CONCRETA**

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) |
|----------|--------|---|
|          |        |   |
|          |        |   |

|       |  |  |
|-------|--|--|
|       |  |  |
| TOTAL |  |  |

**INGRESOS DA ACTIVIDADE CONCRETA**

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN (no seu caso)<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) | ANUALIDADE<br>ACTUACIÓN |
|----------|--------|---|-------------------------|
|          |        |   |                         |
|          |        |   |                         |
|          |        |   |                         |
|          |        |   |                         |
| TOTAL    |        |   |                         |

**SUPOSTO DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO CUARTO TRIMESTRE 2018**

|   |  |  |
|---|--|--|
| Actividade  |  |  |
| Datas:  |  |  |
| Lugar:  |  |  |
| Usuarios destinatarios:   |  |  |
| Breve descripción da actuación (programación, desenrolo, hora de comezo e finalización, concreción do obxectivo da actuación, ámbito territorial,...) |  |  |
| Resultados PREVISTOS:   |  |  |

**GASTOS: PREVISIÓN CUARTO TRIMESTRE 2018****ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS 4º TRIMESTRE 2018**

| CONCEPTO | CONTÍA |
|----------|--------|
|          |        |
|          |        |
|          |        |
| TOTAL    |        |

## DECLARACIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCÍONS DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) |
|----------|--------|---|
|          |        |   |
|          |        |   |
|          |        |   |
| TOTAL    |        |   |

INGRESOS ESTIMADOS 4º TRIMESTRE 2018

| CONCEPTO | CONTÍA | ESTADO DA SUBVENCIÓN (no<br>seu caso)<br>S ( <i>Solicitada</i> )<br>C ( <i>Concedida</i> ) |
|----------|--------|--|
|          |        |  |
|          |        |  |
|          |        |  |
|          |        |  |
| TOTAL    |        |  |

Alfoz, de                      de 2018.  
Asdo.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE**

|           |                       |
|-----------|-----------------------|
| Nome:     | NIF:                  |
| Enderezo: | Municipio:            |
| Tfno.:    | Enderezo electrónico: |

Presidente da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

|       |      |
|-------|------|
| Nome: | CIF: |
|-------|------|

**DECLARO:**

Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades culturais no exercicio 2018, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.

Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.

Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Alfoz, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.

Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Alfoz poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

\_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE EXECUCIÓN E DE OUTRAS AXUDAS**

D. \_\_\_\_\_, con NIF: \_\_\_\_\_, en calidade de solicitante/representante da subvención indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que:

- Non se solicitou nin se obtivo ningunha outra axuda ou subvención de ningunha outra Administración Pública.
- Que solicitouse axuda ou subvención a \_\_\_\_\_ por importe de \_\_\_\_\_.
- Que foi concedida axuda ou subvención por \_\_\_\_\_ pola contía de \_\_\_\_\_ euros. Se aporta copia compulsada da resolución de concesión da subvención.

Alfoz, de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**DECLARACION XURADA CONCORRENCIA CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACION**

D. \_\_\_\_\_, con NIF: \_\_\_\_\_, en calidade de solicitante/representante da subvencion indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que, respecto da actuacion denominada: (no seu caso poderá cubrirse tantas declaracions xuradas como actividades distintas se efectúen)

Son certos e concorren os seguintes datos :

| Anualidade   | 2017 | 2018 |
|--|------|------|
| 1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago   |      |      |
| 2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación   |      |      |
| 3º.- Número de participantes nas actividades programadas   |      |      |
| 4º.- Repercusión social das actividades:<br>a. Actividades só para socios.<br>b. Actividades con prazas limitadas para socios e non socios.<br>c. Actividades abertas ao publico en xeral. |      |      |
| 5º.- Duración de actuacións concretas desenroladas   |      |      |
| 6º.- Actividades enfocadas á mocidade  |      |      |
| 7º.- Actividades enfocadas á 3ª idade  |      |      |
| 8º.- Pola función didáctica e educativa  |      |      |
| 9º.- Repercusión turística para Alfoz  |      |      |
| 10º.- Actividades periodicidade semestral  |      |      |
| 11º.- Subvencions doutras AAPP   |      |      |
| 12º.- Gastos totais realizados.  |      |      |

Alfoz, de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.



**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CULTURAIS EXERCICIOS 2017 E 2018 CONCELLO DE ALFOZ.**

**CONTA XUSTICATIVA (Anexo IV)**

DENOMINACION DA ACTIVIDADE:

|                             |                       |
|-----------------------------|-----------------------|
| Nome:                       | NIF:                  |
| Enderezo:                   | Municipio:            |
| Tfno. :                     | Enderezo electrónico: |
| Nome Entidade beneficiaria: | CIF                   |

**DECLARO:**

Que foron efectuadas as actividades financiadas ca achega concedida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades culturais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2018, resultando acadados os obxectivos propostos.

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

**GASTOS EFECTUADOS. (Se adxuntan copias compulsadas das facturas e dos xustificantes de pagamento)**

| Expedidor da factura (con CIF) | Nº de factura | Data de expedición | Concepto | Importe | Data de pagamento |
|--------------------------------|---------------|--------------------|----------|---------|-------------------|
|                                |               |                    |          |         |                   |
|                                |               |                    |          |         |                   |
|                                |               |                    |          |         |                   |
|                                |               |                    |          |         |                   |
|                                |               |                    |          |         |                   |
|                                |               |                    |          |         |                   |
|                                |               |                    |          |         |                   |
| Total gastos                   |               |                    |          |         |                   |

No caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

**INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.**

Subvencions (copia compulsada da resolución de concesión e /ou xustificante bancario)

| Administración concedente | Importe |
|---------------------------|---------|
|                           |         |
|                           |         |
| Total                     |         |

Outros ingresos que financiaron a actividade:

| Tipo de ingreso | Importe |
|-----------------|---------|
|                 |         |
|                 |         |
| Total           |         |

\_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

O/A representante da entidade

Se adxunta coa presente:

- Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz.
- Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Igualmente, por medio da presente se formula declaración responsable como representante da entidade de que \_\_\_\_\_(SI/NON) está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

### CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES CULTURAI 2018

**a) Crédito orzamentario:** 12.500 euros.

**b) Obxecto, condicións e finalidade:**

O obxectivo é a de regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

**c) Réxime de convocatoria:** Concorrenza competitiva.

**d) Beneficiarios e requisitos :**

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz, que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

**e) Documentación a presentar :**

- a) Solicitud da subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

**f) Unidade tramitadora:** Servizos administrativos xerais.

**Órgano competente resolución:** Concelleiro Delegado Cultura.

**g) Prazo de presentación de solicitudes:** 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

**h) Prazo de resolución e notificación:** 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2018.

**i) Se admite a reformulación de solicitudes.**

**j) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa,** cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

**k) Criterios de valoración:**

**I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 pts máximo)**

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación, ata 12 puntos.

**II. VALORACIÓN DA IMPLICACIÓN NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (máx 100 pts)**

1º. En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas. Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades enfocadas á mocidade (menores de 18 anos): ata 2 puntos por actividade.

- Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.

- Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.

- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades: ata 8 puntos por actividade.

- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

**III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)**

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2017 e en 2018, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2017 e 2018 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre), ata 25 puntos.

**l) Medio de notificación:** A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

**m) Outros datos.**

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Concelleiro Delegado de Cultura, presentándose no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 7 de novembro de 2018.- O Concelleiro Delegado de Cultura, Xabier Pardiñas Suárez.

R. 3348

**BECERREÁ**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 27 de setembro de 2018, adoptou o acordo de

aprobación definitiva ó non presentárense reclamacións contra o expediente de modificación de créditos número 12/2018 consistente en en suplemento de crédito con aplicación do superávit orzamentario con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais resultante da Liquidación do orzamento do ano 2017 aprobada pola Alcaldía con data 19 de marzo de 2018. Expediente nº 1084/2018.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2018, queda fixado segundo se detalla.

| Capítulos                     | Consignación antes deste expediente euros (partiendo de previsión inicial). | Aumento suplemento de crédito/cred. Extraord. euros. | Total consignación resultante euros. |
|-------------------------------|---|--|--------------------------------------|
| 1.-Gtos. Personal             | 1.030.870,30  | 8.054,22   | 1.038.924,52                         |
| 2.-Gtos. Bens                 | 1.246.740,49  | 30.600   | 1.277.340,49                         |
| 4.-Transf. Ctes.              | 40.196,00   | 2.221,83   | 42.417,83                            |
| 6.-Inversións reais           | 146.575,94  | 56.561,01  | 203.136,95                           |
| 7.- Transferencias de capital | 150.000   |  | 150.000                              |
| <b>Totais</b>                 | <b>2.614.382,73</b>   | <b>97.437,06</b>                                     | <b>2.711.819,79</b>                  |

Becerreá, 21 de novembro de 2018.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 3305

## GUNTÍN

### Anuncio

Estando próximo a vencer el período –cuatro años- por el que se nombró Juez de Paz Sustituto de este Municipio, se convoca para que, en el plazo de quince días computados a partir de la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, cuantos tengan interés en aspirar al mencionado cargo dirijan una instancia al Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Guntín, haciendo constar lo siguiente:

- 1.- Nombre y apellidos, D.N.I., edad, profesión y domicilio.
- 2.- Si ha desempeñado el cargo de juez de paz o sustituto.
- 3.- Méritos que estime puede hacer valer.

Lo que se hace público en cumplimiento de lo ordenado por el Sr. Alcalde-Presidente, para conocimiento de cuantos interesen solicitar la indicada plaza.

Guntín, 21 de noviembre de 2.018.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 3331

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o acordo 11/614 **MODIFICACIÓN DAS BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 18 de xuño de 2008, adoptou, entre outros, o acordo 17/574, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

As ditas bases foron publicadas no BOP de Lugo número 157, do 9 de xullo de 2008.

As ditas bases foron rectificadas polos seguintes acordos da Xunta de Goberno Local:

- Acordo 7/116, do 18 de febreiro de 2009 (BOP de Lugo número 051, do 4 de marzo de 2009).

- Acordo 14/748, do 26 de decembro de 2012, rectificado polo acordo 8/34 adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2013 (BOP de Lugo número 33, do 8 de febreiro de 2013).
- Acordo 10/740, do 15 de outubro de 2014 (BOP de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014).
- Acordo 9/146, do 22 de marzo de 2017 (BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017)

Visto o informe conxunto do Tradutor do Concello de Lugo, do Secretario Xeral do Pleno e da Vicesecretaria, do 21 de febreiro de 2018, relativo á modificación de base décimo cuarta, letra C) (Coñecemento da lingua galega) das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, aprobadas o 18 de xuño de 2018, rectificado polo informe do 12 de abril de 2018, que constan no expediente.

Vista a PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE, do 5 de setembro de 2018, asinada polo Director Xeral de Recursos Humanos e conformada polo Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Sostible e Persoal, que figura no expediente.

Visto o informe da Vicesecretaria do 6 de setembro de 2018, que consta no expediente.

Vista a nova proposta do Director Xeral de Recursos Humanos do 18 de setembro de 2018 e a dilixencia asinada pola Vicesecretaria, que constan no expediente.

En cumprimento da dilixencia asinada polo Director Xeral de Recursos Humanos, do 3 de outubro de 2018, elévase á Xunta de Goberno Local a "PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE" nos seguintes puntos:

1.- Na base PRIMEIRA das bases xerais engadir ao final do parágrafo: "Da aplicación destas bases quedan excluídas aquelas prazas para cuxo acceso exista unha regulación específica de obrigado cumprimento."

2.- O parágrafo segundo do punto 4º da base SEGUNDA.- CONTIDO MÍNIMO DAS BASES ESPECÍFICAS" adoece dunha redacción inconcreta polo que se propón a súa substitución pola seguinte:

"A utilización do sistema de concurso oposición nunha determinada convocatoria deber deberá ir precedida do correspondente informe, non vinculante, emitido polo servizo ou unidade no que se encadre a praza ou prazas convocadas, no que se motive a devandita elección, en relación coa súa natureza, función e cometidos."

3.- Na base SEXTA.- SISTEMA SELECTIVO, segundo parágrafo reproducése a redacción que se propón modificar no punto anterior, polo que se propón tamén a súa modificación:

"A utilización do sistema de concurso oposición nunha determinada convocatoria deber deberá ir precedida do correspondente informe, non vinculante, emitido polo servizo ou unidade no que se encadre a praza ou prazas convocadas, no que se motive a devandita elección, en relación coa súa natureza, función e cometidos."

4.- Na base NOVENA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS no último parágrafo fíxase o prazo para a presentación de instancias en vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Segundo o informe da Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo, do 27 de agosto de 2018, o prazo deberá contabilizarse en días, unha vez está en vigor a Lei 29/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na que segundo o seu artigo 30.2 "cando os prazos se sinalen por días naturais por declaralo así unha lei ou polo dereito da Unión Europea, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.

Tendo en conta que é o R.D. 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da AXE onde se fixa o prazo de presentación de instancias en 20 días naturais cómpre adaptar as bases xerais á normativa actual, polo que o prazo deberá ser de 20 días hábiles.

Propónse substituír o último parágrafo da base NOVENA polo seguinte texto:

"O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado".

5.- Para os efectos de garantir a fluidez dos procesos de selección, cómpre distribuír as responsabilidades da presidencia dos tribunais cualificadores, evitando que esta recaía sobre un número reducido, feito que de coincidir con épocas nas que é de prever que se manteña un alto número de convocatorias de cobertura de postos de traballo pode significar tanto unha ralentización dos procesos como a sobrecarga de traballo de determinadas persoas.

Propónse na base DÉCIMO TERCEIRA.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES a seguinte redacción respecto á presidencia e á secretaria:

“Presidencia: Un/Unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

“Secretario/a: un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico”.

6.- Na base DÉCIMO CUARTA.- MODALIDADES DAS PROBAS DOS PROCEDIMENTOS SELECTIVOS, propónse, visto o informe conxunto do 12 de abril, do Tradutor do Concello de Lugo, do Secretario Xeral do Pleno e da Vicesecretaría a modificación do apartado C sobre coñecementos da lingua galega para os efectos de adaptar esta ao previsto na Orde do 10 de febreiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.

A redacción que se propón é a seguinte:

“C) Coñecemento da lingua galega. Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza, sen prexuízo do establecido regulamentariamente ou nas bases específicas de cada convocatoria. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentas da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas de que se trate, segundo a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (anexo 1), modificada pola Orde do 10 de febreiro do 2014.

7.- Na base DÉCIMO SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS, propónse modificar a forma na que se determina a orde de actuación dos aspirantes, propónse a seguinte redacción:

“A orde de actuación das e dos aspirantes en todas as probas selectivas será a que fixe por decreto a Xunta de Galicia mediante o sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”.

8.- De acordo co plantexado no punto 3 desta proposta propónse modificar o prazo previsto na base VIXÉSIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS, que será contabilizado en días hábiles:

“No prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte...”

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 19 de novembro de 2018.- O Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 3332

### *Anuncio*

#### **DECRETO NÚMERO 18008997 DO 30/10/2018**

**Ilmo. Sr. Don XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 17009849 do 09/11/2017, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Policía Local, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de mobilidade horizontal, mediante o sistema de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia o cal se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 11/550 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 13.09.2017.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 279, de 5 de decembro de 2017.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 24, de 2 de febreiro de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” núm 51, de 27 de febreiro de 2018.

Visto que polo Decreto Nº 18008618 do 18/10/2018 se resolveu facer pública a relación dos aspirantes aprobados así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa Base Novena das Bases Específicas do proceso selectivo para o acceso en propiedade pola quenda de mobilidade horizontal a dúas prazas de Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo:

### **2 PRAZAS DE POLICIA LOCAL (quenda mobilidade horizontal)**

- LOPEZ PALACIOS, MARIA (126,14 PUNTOS)
- CURRÁS RINCÓN, JOSE MIGUEL (100,260 PUNTOS)

Visto o escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, o 23 de outubro de 2018 por D. José Miguel Currás Rincón, no que expón que, actualmente se atopa inmerso no proceso selectivo de 2 prazas de Policía Local polo sistema de mobilidade horizontal con cargo ás prazas vacantes da OPE 2017 do Concello de Lugo, que fai tempo foi publicada a acta de valoración de méritos donse se lle outorga unha praza do mencionado proceso e que, na actualidade ten unha praza de Policía Local no Concello de Ourense, da cal tomou posesión recentemente polo que solicita a **RENUNCIA** aos dereitos derivados da posible obtención da mencionada praza, de ser o caso, e sempre e cando se nomee á persoa que lle corresponda suplente por lista para a obtención da praza para que a mesma non quede sen cubrir.

Tendo en conta que segundo figura na Base Novena das Bases específicas para proceso selectivo mencionado sinala que “cando se produzan renuncias dos/das aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do tribunal relación complementaria dos/das aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento”

Visto que na proposta do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade pola quenda de mobilidade horizontal a dúas prazas de Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, de data 2 de outubro de 2018, figura a seguinte relación complementaria dos e das aspirantes seleccionados para os suposto de renuncia dos anteriores con anterioridade ao seu nomeamento ou toma de posesión:

| Num. | Nome e apelidos              |
|------|------------------------------|
| 1    | LÓPEZ PALACIOS, MARÍA        |
| 2    | CURRÁS RINCÓN, JOSÉ MIGUEL   |
| 3    | ARIAS FERRERIA, JAVIER       |
| 4    | SOUTO LÓPEZ, JOSÉ IGOR       |
| 5    | ÁLVAREZ ÁLVAREZ, CARLOS      |
| 6    | CASTRO PAADIN, JUAN CARLOS   |
| 7    | ESTEVEZ FRANCO, JOSÉ MANUEL  |
| 8    | CAMESELLE FERNÁNDEZ, ROBERTO |

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Facer pública a nova relación dos aspirantes aprobados así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa Base Novena das Bases Específicas do proceso selectivo para o acceso en propiedade pola quenda de mobilidade horizontal a dúas prazas de Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo:

### **2 PRAZAS DE POLICIA LOCAL (quenda mobilidade horizontal)**

- LOPEZ PALACIOS, MARIA (126,14 PUNTOS)
- ARIAS FERRERÍA, JAVIER (88,55 PUNTOS)

**Segundo.-** Os/as opositores/as aprobados/as, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa

disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separada ou separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso ou incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función, excepto para as prazas reservadas a persoas con discapacidade, nas que haberá que estar ao disposto na base sétima.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exenta/o de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionaria/o e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

**Terceiro.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 3333

---

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, de data vinte de novembro de 2018, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2019, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

As Nogais, a 21 de novembro de 2018.- O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3310

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL EN O BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA**

Aprobado inicialmente o expediente 141/2018 de MODIFICACION DE CREDITO POR TRANSFERENCIA Nº14/2018 que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, por Acordo do Pleno de data 20/11/2018, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.



Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

As Nogais, a 21 de novembro de 2018.- O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3311

---

## OUROL

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Oourol en sesión extraordinaria celebrada o vinte e sete de novembro de dous mil dezaioito, o expediente de modificación de créditos 1/2018, transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a diferentes áreas de gasto, en cumprimento do disposto nos artigos 179.2 e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, puidendo os interesados examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación de créditos quedará definitivamente aprobado se transcorrido o prazo de exposición non se presentan reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá o prazo de un mes para resolvelas.

O expediente de modificación de créditos definitivamente aprobado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Oourol, vinte e oito de novembro de dous mil dezaioito.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3381

---

## QUIROGA

### *Anuncio*

Exposición pública Conta Xeral.

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público a Conta Xeral correspondente o exercizo 2017, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis, os que se estimen interesados poidan presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

En Quiroga, a 23 de novembro de 2018.- O Alcalde-Presidente, Julio Núñez Álvarez.

R. 3334

---

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

**BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE (2) DOUS LIMPADORES/AS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).**

#### **PRIMEIRO. Normas Xerais**

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso-oposición de dous postos de traballo na categoría de limpador /a, en réxime laboral.

#### **SEGUNDO. Modalidade do Contrato**

A modalidade do contrato será laboral temporal cunha duración de nove meses, ao 75% da xornada, ao abeiro do disposto na normativa vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

#### **TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que se opta.
- e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- f) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima
- h) A procedencia de todos os candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada
- i) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

#### **CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias**

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiránse ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de O Saviñao, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **oito días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases das probas selectivas, publicaránse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Solicitude de participación do Anexo I das bases.
- Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
- Fotocopia compulsada do certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.
- Tarxeta de demandante de emprego
- Vida laboral actualizada

#### **QUINTO. Admisión de Aspirantes**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de dez días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de **dous días hábiles** para emenda. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **SEXTO. Tribunal Cualificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario *[o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue]*.
- Vogais que determine a convocatoria

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos**

#### **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

#### **- FASE DE CONCURSO:**

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

#### **Méritos computables:**

##### **a) Experiencia:**

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de limpador/a. **Ata un máximo de 2 puntos**

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de limpador/a mediante relación laboral o funcional: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral : 0,10 puntos .

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos . Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria .

##### **b) Formación:**

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administración públicas ou homologados por estas . **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

##### **C) Entrevista curricular: 2 puntos.**

#### **- FASE DE OPOSICIÓN**

Ata un máximo de 6 puntos.

Exercicio escrito: Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test de 20 preguntas nun tempo máximo de media hora proposto polo tribunal sobre cuestións relacionadas co obxecto do posto e co programa recollido no *anexo I*. Será preciso acadar 1.5 puntos para superar esta proba.

Proba de galego: será obrigatorio a superación dun segundo exercizo oral, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Celga 2.

**OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados por orde de puntuación.

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, dos documentos seguintes :

- DNI
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial.
- Certificado de titularidade da conta bancaria
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social .

**NOVENO. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial de Galicia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE****ANEXO I**

**Tema 1. Concello de O Saviñao. Termo municipal. Poboación. A organización municipal. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.**

**Tema 2. Sistemas de limpeza**

**Tema 3.- Produtos de limpeza**

**ANEXO II**

**CONCELLO DO SAVIÑO**

**I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:**

- DENOMINACIÓN:
- RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

**II.- DATOS PERSOAIS.**

**Nome e apelidos:**

**Dni:**

**Teléfono:**

**Domicilio a efectos de notificacións:**

**Municipio:**

**Provincia:**

**Código postal:**

**III.- MANIFESTO:** que coñezo a convocatoria para cubrir de forma temporal a praza de limpador/a.

**IV.- DECLARO:** que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

**V.- SOLICITO:**

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto e sexa admitido a fin de participar no proceso selectivo de oposición libre para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviño,.... de..... de 2018.

(Asinado)

**Xúntanse os seguintes documentos:**

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

R. 3261

**SOBER***Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data de 23/11/2018, por existencia de crédito para concesión de subvencións destinadas a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integral (ARI) municipio de Sober, 4ª fase, acordouse abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes de axudas para obras de rehabilitación de vivendas, dende o 03/12/2018 ata o 13/02/2019, e de acordo coas bases publicadas no BOP da provincia de Lugo, de data de 17 de febreiro de 2016, de concesión de subvencións da área de rehabilitación integral (ARI), municipio rural de Sober (Lugo).

Sober, 26 de novembro de 2018.- O ALCALDE, Luis Fernández Guitián.

R. 3351

**O VALADOURO***Anuncio*

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2018.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12 de novembro de 2018, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2018 polo importe total de 6.263,86€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro, 16 de novembro de 2018.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3313

**VILALBA***Anuncio*

De conformidade con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de tasas por los servicios de suministro de agua, conservación de contadores, saneamiento, canon del agua, coeficiente de vertidos y recogida de basuras de la zona urbana, conforme a lo establecido en la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, en la ordenanza nº 11 reguladora de la de la red de alcantarillado, en la ordenanza nº 16 reguladora de la tasa por servicios de distribución de agua y utilización de contadores e instalaciones análogas y el Decreto 136/2012 por el que se aprueba el reglamento del canon de agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales, correspondiente al **3º trimestre del ejercicio 2018**, aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el **14/11/2018**

El referido Padrón queda expuesto al público en la oficina de ESPINA Y DELFÍN S.L, sita en la C/ Campo de Puente, nº 85, bajo, en horario de 9:00 a 13:00 horas de lunes a viernes, el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las liquidaciones objeto de notificación colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de 1 mes, contado desde el día siguiente a la finalización del plazo de exposición. Por lo que respecta al canon de agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación conforme a lo dispuesto en el Artículo 49.7 del Decreto 136/2012.

Se podrá ejercitar, no obstante, cualquier otro recurso que se considere procedente. Todo esto en virtud de lo establecido en el art. 14.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

De conformidade con lo establecido en los arts. 24 y 25 del Reglamento General de Recaudación aprobado por el RD 939/2005 de 29 de julio, se comunica también que el plazo del ingreso en período voluntario será de 30 días naturales desde la publicación de este anuncio en el BOP.

El ingreso de las deudas se realizará en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L de lunes a viernes de 9 a 13:00 horas.

Los recibos domiciliados por los contribuyentes serán cargados directamente por las respectivas entidades bancarias en la cuenta que ESPINA Y DELFÍN S.L. tiene designada al efecto en la oficina de Abanca de esta localidad.

El pago de la tasa se podrá domiciliar para lo sucesivo en cajas de ahorros, bancos y demás entidades financieras. Para este trámite será necesario cubrir un impreso de domiciliación en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L.

Transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario las deudas se harán efectivas por la vía de apremio y serán exigibles los recargos del período ejecutivo y los intereses de demora correspondientes, tal y como estipulan los artículos 26 y 28 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria y, en su caso, las costas que se produzcan. Por lo que respecta al canon de agua la vía ejecutiva de apremio será realizada por la Consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.

Vilalba, 16 de noviembre de 2018.- El alcalde, Agustín Baamonde Díaz.

R. 3315

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA N.º 2 LUGO

#### *Anuncio*

D./D<sup>a</sup>. FRANCISCO JULIÁN HINOJAL GIJÓN, Letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 2 de LUGO, por el presente,

ANUNCIO:

En el presente procedimiento ordinario 217/18 seguido a instancia de TRANSFRIO SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA frente a SANCHEZ FISHMAR SL se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

FALLO:

Que, estimando la demanda formulada por la entidad Transfrío Sociedad Cooperativa Gallega, representada por la Procuradora Sra. Rodríguez Rodríguez, contra la entidad Sánchez Fishmar, SL, en situación de rebeldía procesal, debo condenar y condeno a la parte demandada a que abone a la actora la cantidad de 6.322,80 euros, más los intereses de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre. Con imposición de las costas a la demandada.

Así, por esta mi sentencia, juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo,

MAGISTRADO JUEZ

Y encontrándose dicho demandado, SANCHEZ FISHMAR SL, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

LUGO a ocho de noviembre de dos mil dieciocho.- EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 3316

---

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - ALFOZ

#### *Anuncio*

CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS 2018

BDNS (Identif.): 425547

OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE: O obxectivo é a de regular o outorgamento de subvencións para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo, admitíndose dentro de estas as relativas a técnicas ou melloras na produción do sector primario.

RÉXIME DE CONVOCATORIA: Concorrenza competitiva.

**BENEFICIARIOS Y REQUISITOS:** Podrán solicitar las subvenciones centros públicos educativos del Ayuntamiento de Alfoz y asociaciones de padres y madres y asociaciones municipales que tengan implicación en el sector primario que figuren inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones del Ayuntamiento de Alfoz y disfruten de capacidad para llevar a cabo las actividades subvencionables.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Alfoz, 23 de novembro de 2018.- O Alcalde. Jorge Val Díaz.

R. 3340

---

### *Anuncio*

#### CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EJERCICIO 2018

BDNS (Identif.): 425588

**OBJECTO, CONDICIÓN E FINALIDADE:** O obxectivo é a concesión de axudas económicas pola organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, incluída a compra de material deportivo, e para a práctica deportiva do alumnado dos centros escolares públicos municipais.

Os gastos asociados á organización de eventos deportivos, os derivados dos compromisos das federacións de clubs, da xestión ordinaria dos clubs e asociacións e de participación en ligas federadas oficiais, así como os gastos de transporte.

A finalidade é o desenvolvemento de actividades que persigan o fin de fomento do deporte e de vida saudable.

**RÉXIME DE CONVOCATORIA:** Concorrenza competitiva.

**BENEFICIARIOS E REQUISITOS:** Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Alfoz.
- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal na organización de actividades extraescolares, no seu caso.
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial pero de forma non excluínente, os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Alfoz ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2017 e 2018, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.
- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Alfoz, e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Alfoz.
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no BOP e na BDNS.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Presentaranse no Rexistro de entrada do Concello por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Alfoz, 26 de novembro de 2018.- O Alcalde.- Jorge Val Díaz.

R. 3345

---

### *Anuncio*

#### CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES CULTURAIS 2018

BDNS (Identif.): 425610



**OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE:** O obxectivo é a de regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

**RÉXIME DE CONVOCATORIA:** Concorrenza competitiva.

**BENEFICIARIOS E REQUISITOS:** De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz, que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Presentáense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ALFOZ, 26 de novembro de 2018.- O Alcalde.- Jorge Val Díaz.

R. 3347